

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Programa de incorporación social e fomento do emprego en saúde mental

Entidade executante

Asociación Albores Saúde Mental

Ámbito territorial

O programa desenvólvese para persoas residentes nalgúns dos concellos pertencentes ao distrito sanitario sur da provincia de Lugo.

Persoas destinatarias

Persoas con trastornos mentais (e as persoas das unidades familiares coas que conviven)

Obxectivo xeral

Facilitar a incorporación sociolaboral, mediante a mellora da empregabilidade e o mantemento do emprego

Obxectivos específicos

Favorecer a adquisición e mantemento de habilidades de busca activa de emprego.

Favorecer a adquisición e mantemento de competencias transversais para o emprego

Facilitar a integración das persoas con enfermidade mental na formación para o emprego/obradoiros de emprego normalizados.

Facilitar o axuste psicosocial das persoas con enfermidade mental na empresa. Diminuír o malestar, sobreprotección e criticismo na unidade de convivencia.

Contido técnico do programa

1.-Acollida, apoio na definición, xestión e seguimento do plan de traballo individual (PTI): a través de entrevistas individuais utilizando a metodoloxía do empoderamento. A persoa definirá por si mesma o seu propio PTI,

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19

realizando as traballadoras a función de facilitadoras. Proporcionarase información, orientación e asesoramento, acompañando ao longo do plan de traballo.

2.- Obradoiros individuais e grupais: obradoiros de técnicas de búsqueda activa de emprego. Obradoiros de informática e outras TICS para a búsqueda de emprego. Obradoiros destinados a facilitar as competencias transversais no emprego: habilidades sociais no ámbito de traballo, resolución de conflitos, igualdade entre mulleres e homes, xestión emocional...

3.- Actividades de acompañamento e apoio nos entornos normalizados de formación e emprego: tanto nas accións formativas non dirixidas especificamente a persoas con enfermidade mental, como no axuste psicosocial ao posto de traballo (ou prácticas), para facilitar a inclusión formativa e laboral. Tamén tratase de crear un marco de confianza para o empresariado e a adaptación á diversidade no ámbito educativo.